

u

tamén á sociedade xestora do fondo para solicita-la subscripción de participacións polo importe que se aboe á conta do fondo procedente da venda de accións.

Así mesmo, o accionista deberalle comunicar á sociedade xestora do fondo a información financeira e fiscal do traspaso.

6. Para efectos de traspasos, as institucións de investimento colectivo contempladas no artigo 77.2 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, terán o mesmo réxime que o establecido para os fondos de investimento nos puntos anteriores, coas seguintes especialidades:

a) As obrigas establecidas para a sociedade xestora do fondo interveniente nun traspaso serán asumidas pola entidade comercializadora da devandita institución de investimento colectivo rexistrada na Comisión Nacional do Mercado de Valores, que interviñese na subscripción das participacións ou accións obxecto do traspaso, ou a que a substituíse na devandita función e estea así mesmo rexistrada para tales efectos na Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) As referencias ó depositario entenderanse feitas á entidade onde a entidade comercializadora ou a institución de investimento colectivo teña a conta destinada á realización de subscripcións e reembolsos de participacións ou compras e vendas de accións.

7. A omisión do cumprimento das obrigas establecidas nesta sección sancionárase por vía administrativa de acordo co establecido no capítulo V desta lei.

8. O ministro de Economía, e coa súa habilitación expresa a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán desenvolver-lo contido deste artigo efectuando as adaptacións que sexan necesarias para garanti-la seguridade e transparencia dos procedementos. Así mesmo, poderá autorizar sistemas estandarizados, coas debidas garantías de seguridade para a transmisión de solicitudes de traspasos, para a transferencia de efectivo e para a transmisión de información entre as entidades intervenientes no procedemento.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do límite da cota íntegra do imposto sobre o patrimonio.*

Modifícase o artigo 31 (límite da cota íntegra) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, que terá a seguinte redacción:

«1. A cota íntegra deste imposto, conxuntamente coa porción da cota correspondente á parte xeral da base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas, non poderá exceder, para os suxeitos pasivos sometidos ó imposto por obriga persoal, do 60 por 100 da parte xeral da base imponible deste último.

Para estes efectos:

a) Non se terá en conta a parte do imposto sobre o patrimonio que corresponda a elementos patrimoniais que, pola súa natureza ou destino, non sexan susceptibles de produci-los rendementos gravados pola Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Sumarase á base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas o importe dos dividendos e participacións en beneficios ós que se refire o artigo 76.1.a) da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

c) No suposto de que a suma de ámbalas cotas supere o límite anterior, reducirase a cota do imposto sobre o patrimonio ata alcanza-lo límite indicado, sen que a redución poida exceder do 80 por 100.

2. Cando os compoñentes dunha unidade familiar optasen pola tributación conxunta no imposto sobre a renda das persoas físicas, o límite da cota íntegra conxunta do devandito imposto e da do imposto sobre o patrimonio, calcularase acumulando as cotas íntegras devengadas por aqueles neste último tributo. Se é o caso, a redución que proceda practicar ratearase entre os suxeitos pasivos en proporción ás súas respectivas cotas íntegras no imposto sobre o patrimonio, sen prexuízo do disposto no punto anterior.»

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2003 e resultará de aplicación ós períodos impositivos que se inicien a partir da devandita data.

O disposto na disposición adicional sexta e na disposición transitoria terceira será de aplicación para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,

MARIANO RAJOY BREY

24811 *LEI 47/2002, do 19 de decembro, de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, para a transposición ó ordenamento xurídico español da Directiva 97/7/CE, en materia de contratos a distancia, e para a adaptación da lei a diversas directivas comunitarias. («BOE» 304, do 20-12-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 97/7/CE, relativa á protección dos consumidores en materia de contratos a distancia, regula unha materia xa recollida no noso ordenamento xurídico na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, dentro do que a lei chama «Vendas especiais» e á que lle dedica o capítulo II do título III, baixo a rúbrica de «Vendas a distancia».

Malia que o lexislador de 1996 fixo un notable esforzo para se ater na regulación da materia ó que entón non era máis que un proxecto de directiva, unha vez publi-

cada esta fíxose evidente a necesidade de modificar esa regulación para que a directiva se poida considerar correctamente trasposta.

É xusto destacar que os puntos fundamentais da norma comunitaria, tales como o dereito de desistencia, a prohibición de envíos non solicitados, o pagamento mediante tarxeta ou o deber de información estaban xa incorporados, polo que a directiva xa se achaba trasposta nos seus máis importantes aspectos desde o mesmo momento da súa publicación. Quedaban, non obstante, por incorporar outras previsións de importancia secundaria, a carón dalgún outro aspecto importante, como é o dereito de resolución para o caso de incumprimento do deber de información, o que obrigou a modificar a maioría das normas que se ocupan da materia. Sen embargo, non obstante a extensión da reforma realizada, o núcleo da regulación segue a ser moi similar ó anterior.

Foi precisamente este limitado alcance da reforma o determinante para optar, en canto á transposición da Directiva 97/7/CE, por unha lei de modificación da Lei de ordenación do comercio retalista, no canto de realizar a transposición mediante unha nova lei completa, como podería aconsella-lo feito de que a Directiva estende o seu ámbito a contratos de compravenda e de subministración de servizos, cando a lei española só se ocupaba, en principio, das vendas a distancia, así como o feito de que a directiva se dirixe de forma inmediata á protección do consumidor, mentres que a lei española leva a cabo esa protección nun contexto máis amplo de regulación xeral da actividade de venda. De tódolos xeitos, xa a lei de 1996 incluía unha disposición adicional primeira destinada a aplicar a normativa de vendas a distancia ós contratos de servizos; e, por outra parte, o feito de que unha norma sobre comercio interior responda ó principio de protección dos consumidores obedece a un expreso mandato constitucional.

Achase tamén pendentes de transposición as directivas 1999/44/CE, sobre determinados aspectos da venda e garantías dos bens de consumo, e 2000/35/CE, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Nesta situación, razóns de economía procedemental aconsellan levar a cabo nun só corpo legal as modificacións da Lei de ordenación do comercio retalista que resultan necesarias para adapta-lo seu contido ó esencial da regulación harmonizadora comunitaria, na medida esixible no ámbito de aplicación da lei. Por suposto, sen pretender con iso substituí-la tarefa global de transposición de ámbalas directivas, que se levará a cabo no seu momento.

Para impedi-la desprotección dos consumidores mentres se chega á transposición total da Directiva 1999/44/CE, incorpórase unha disposición derradeira que mantén o réxime vixente de garantía dos bens duraderos ata a implantación definitiva do sistema que introduce a norma comunitaria.

Por todo iso, esta lei modifica o capítulo II do título III e a disposición adicional primeira, xunto co artigo 65 da Lei 7/1996, para levar a cabo a transposición total da Directiva 97/7/CE. Modifica así mesmo os artigos 12 e 61: o primeiro deles, co único obxecto de introducir a responsabilidade do vendedor no caso de que os bens adquiridos non sexan conformes co contrato, e de considera-la garantía comercial en termos acordados coa regulación da Directiva 1999/44/CE, e o segundo, para estender a responsabilidade solidaria das empresas poxadoras á falta de conformidade dos bens poxados. E modifica tamén o artigo 17, para recolle-la penalización de xuros por mora que establece a Directiva 2000/35/CE, e para determinar uns requisitos mínimos que deberán cumprí-las cláusulas de reserva de dominio que poidan ter sido estipuladas na forma prevista por esta mesma directiva.

Considerando a natureza civil e sobre todo mercantil dos preceptos das directivas que se incorporan ó dereito

interno —que na súa maior parte afectan directamente o contido do dereito privado dos contratos—, esta lei dítase ó abeiro das competencias que lle atribúe ó Estado o artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución, sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas en materia de comercio interior e de protección dos consumidores e usuarios.

Non obstante, os artigos 38.2 e 61.1.ñ) da Lei 7/1996, modificados nos termos dos artigos 3 e 5 desta lei, que obedecen á necesidade de establecer a debida coordinación interterritorial nunha actividade cunha proxección que supera os límites xeográficos das comunidades autónomas, terán a consideración de normas básicas, dictadas ó abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Artigo primeiro.

Modifícase o artigo 12 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, que queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Garantía e servizo posvenda.*

1. O vendedor dos bens responderá da falta de conformidade destes co contrato de compravenda, nos termos definidos pola lexislación vixente.

2. Os produtos postos á venda poderanse ofrecer xunto cunha garantía comercial que obrigará a persoa que a ofrezca nas condicións establecidas no documento de garantía e na correspondente publicidade. A garantía comercial adicional ofrecida polo vendedor deberá en todo caso recolle-las obrigas que, en materia de garantías de bens de consumo, veñan impostas por lei.

3. O produtor ou, no seu defecto, o importador garantirá, en todo caso, fronte ós compradores a existencia dun adecuado servizo técnico para os bens de carácter duradeiro que fabrica ou importa, así como a subministración de pezas de recambio durante un prazo mínimo de cinco anos contados desde a data en que o produto se deixe de fabricar.

4. A acción ou dereito de recuperación dos bens entregados polo consumidor ou usuario ó comerciante para a súa reparación prescribirá ós tres anos a partir do momento da entrega. Regulamentariamente, estableceranse os datos que deberá facer constar o comerciante no momento en que se lle entrega un obxecto para a súa reparación e as formas en que se poderá acredita-la mencionada entrega.»

Artigo segundo.

Modifícanse os puntos 2 e 5 do artigo 17 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, que quedan redactados como segue:

«Artigo 17. *Pagamentos ós provedores.*

(...)

2. Os comerciantes ós que se lles efectúen as correspondentes entregas quedarán obrigados a documentar, no mesmo acto, a operación de entrega e recepción con mención expresa da súa data.

Do mesmo modo, os provedores deberán indicar na súa factura o día do calendario en que se debe producirlo pagamento.

Se todas ou algunha das mercadorías estivesen afectadas por unha cláusula de reserva de dominio, a factura expresará así mesmo esta circunstancia, que deberá responder en todo caso a un acordo

u

entre provedor e comerciante documentado con anterioridade á entrega.

As facturas deberán selles facer chegar ós comerciantes antes de que se cumpran trinta días desde a data de entrega e recepción das mercadorías.

(...)

5. En calquera caso, producirase o devengo de xuros moratorios en forma automática a partir do día seguinte ó sinalado para o pagamento ou, en defecto de pacto, a aquel no cal se deba efectuar de acordo co establecido no punto 1. Nestes supostos, o tipo aplicable para determinala contía dos xuros será o aplicado polo Banco Central Europeo á súa máis recente operación principal de refinanciamento, incrementado en sete puntos porcentuais, salvo que as partes acordasen no contrato un tipo distinto, que en ningún caso será inferior ó sinalado para o xuro legal incrementado nun 50 por cento.»

Artigo terceiro.

Modifícase o capítulo II do título III da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, que queda redactado como segue:

«CAPÍTULO II

Vendas a distancia

Artigo 38. *Concepto.*

1. Considéranse vendas a distancia as celebradas sen a presenza física simultánea do comprador e do vendedor, sempre que a súa oferta e aceptación se realicen de forma exclusiva a través dunha técnica calquera de comunicación a distancia e dentro dun sistema de contratación a distancia organizado polo vendedor.

2. As empresas de vendas a distancia que difundan as súas ofertas por medios que abarquen o territorio de máis dunha comunidade autónoma inscribíranse no rexistro especial que para tal efecto funcione no Ministerio de Economía, que recollerá os datos subministrados polas comunidades autónomas onde cada empresa teña o seu domicilio social, coincidentes cos que figuren no respectivo rexistro autonómico, cando fose establecido de acordo co previsto no anterior artigo 37.

As empresas non establecidas en España que practiquen vendas a distancia en territorio español inscribíranse directamente, para efectos informativos, no rexistro do Ministerio de Economía.

O Ministerio de Economía informará as comunidades autónomas das empresas de venda a distancia rexistradas.

Do mesmo modo, as comunidades autónomas comunicaránlle á Administración xeral do Estado as modificacións que se produzan no rexistro autonómico correspondente.

3. A regulación establecida nesta lei para as vendas a distancia non será de aplicación:

a) Ás vendas celebradas mediante distribuidores automáticos ou locais comerciais automatizados.

b) Ás vendas celebradas en poxas, excepto as efectuadas por vía electrónica.

4. Os artigos 39.1, 40, 43.1, 44 e 47 non serán de aplicación ós contratos de subministración de produtos alimenticios, de bebidas ou doutros bens do fogar de consumo corrente subministrados no

domicilio do consumidor, na súa residencia ou no seu lugar de traballo por distribuidores que realicen visitas frecuentes e regulares.

5. O punto 2 anterior e o artigo 37 non se aplicarán ás actividades de prestación de servizos da sociedade da información e comercio electrónico.

6. Cando a contratación a distancia de bens ou servizos se leve a cabo a través de medios electrónicos, aplicarase preferentemente a normativa específica sobre servizos da sociedade da información e comercio electrónico.

7. As comunicacións comerciais por correo electrónico ou outros medios de comunicación electrónica equivalentes rexeranse pola súa normativa específica.

8. A validez e eficacia dos contratos relativos a bens inmoebles quedará condicionada ó cumprimento dos requisitos que impón a súa lexislación específica.

Artigo 39. *Proposta de contratación.*

1. En tódalas propostas de contratación deberá constar inequivocamente que se trata dunha oferta comercial. Concretamente, no caso de comunicacións telefónicas, deberase precisar explícita e claramente, ó principio de calquera conversa co comprador, a identidade do vendedor e a finalidade comercial da chamada.

2. A utilización por parte do vendedor das técnicas de comunicación que consistan nun sistema automatizado de chamada sen intervención humana ou o telefax necesitará o consentimento previo do consumidor.

3. En todo caso, deberánse cumprirlas disposicións vixentes sobre condicións xerais de contratación, protección dos menores e respecto á intimidade. Cando se utilicen datos persoais procedentes de fontes accesibles ó público para a realización de comunicacións comerciais, proporcionaráselle ó destinatario a información que sinala a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ofreceráselle ó destinatario a oportunidade de se opoñer á recepción delas.

Artigo 40. *Información previa.*

1. Antes de iniciarse o procedemento de contratación e coa antelación necesaria, o vendedor deberá subministrar ó consumidor, de forma veraz, eficaz e suficiente, a seguinte información:

a) A identidade do vendedor e o seu enderezo.
b) As características esenciais do produto.
c) O prezo, incluídos tódolos impostos.
d) Os gastos de entrega e transporte, se é o caso.

e) A forma de pagamento e as modalidades de entrega ou de execución.

f) A existencia dun dereito de desistencia ou resolución, ou a súa ausencia nos contratos a que se refire o artigo 45.

g) O custo da utilización da técnica de comunicación a distancia cando se calcule sobre unha base distinta da tarifa básica.

h) O prazo de validez da oferta e do prezo.

i) A duración mínima do contrato, se procede, cando se trate de contratos de subministración de produtos destinados á súa execución permanente ou repetida.

j) As circunstancias e condicións en que o vendedor podería subministrar un produto de calidade e prezo equivalentes, en substitución do solicitado polo consumidor, cando se queira prever esta posibilidade.

k) Se é o caso, indicación de se o vendedor dispón ou está adherido a algún procedemento extraxudicial de solución de conflitos.

2. A información contida no punto anterior, que debe ter unha finalidade comercial indubidable, deberáselle facilitar ó comprador de modo claro, comprensible e inequívoco, mediante calquera técnica adecuada ó medio de comunicación a distancia utilizado, e deberá respectar, en particular, o principio de boa fe nas transaccións comerciais, así como os principios de protección dos que sexan incapaces de contratar.

Artigo 41. *Necesidade de consentimento expreso.*

1. En ningún caso a falta de resposta á oferta de venda a distancia se poderá considerar como aceptación desta.

2. Se o vendedor, sen aceptación explícita do destinatario da oferta, lle envía a este o produto ofertado, aplicarase o disposto no artigo seguinte.

Artigo 42. *Prohibición de envíos non solicitados.*

Queda prohibido enviarlle ó consumidor artigos ou mercadorías non pedidos por el ó comerciante cando as ditas subministracións inclúan unha petición de pagamento. No caso de que así se faga, e sen prexuízo da infracción que iso supoña, o receptor de tales artigos non estará obrigado á súa devolución, nin se lle poderá reclama-lo prezo.

No caso de que decida devolvelo non deberá indemnizar polos danos ou deméritos sufridos polo produto.

Non será de aplicación o disposto no parágrafo primeiro cando lle quede claramente de manifesto ó receptor que o envío non solicitado se debía a un erro, correspondéndolle ó vendedor a carga da proba. O receptor terá dereito a ser indemnizado polos gastos e polos danos e perdas que se lle causasen.

Artigo 43. *Execución e pagamento.*

1. Salvo que as partes acordasen outra cosa, o vendedor deberá executa-lo pedido como máis tarde no prazo de trinta días a partir do día seguinte a aquel en que o comprador lle comunicase o seu pedido.

2. No caso de non execución do contrato por parte do vendedor por non se encontrar dispoñible o ben obxecto do pedido, o comprador deberá ser informado desta falta de dispoñibilidade e deberá poder recuperar canto antes, e en calquera caso nun prazo de trinta días como máximo, as sumas que aboase. No suposto de que o vendedor non realice este aboamento no prazo sinalado, o comprador poderá reclamar que se lle pague o dobre da suma debida, sen prexuízo ó seu dereito de ser indemnizado polos danos e perdas sufridos no que excedan da dita cantidade.

3. De non se achar dispoñible o ben obxecto do pedido, se o consumidor foi informado expresamente de tal posibilidade, o vendedor poderá subministrar sen aumento de prezo un produto de características similares que teña a mesma ou superior calidade. Neste caso, o comprador poderá exer-

ce-los seus dereitos de desistencia e resolución nos mesmos termos ca se se tratase do ben inicialmente requirido.

Artigo 44. *Dereito de desistencia.*

1. O comprador disporá dun prazo mínimo de sete días hábiles para desistir do contrato sen penalización e sen indicación dos motivos. Será a lei do lugar onde se entregou o ben a que determine qué días se deberán ter por hábiles.

2. O exercicio do dereito de desistencia non estará suxeito a ningunha formalidade, e abonda que se acredite en calquera forma admitida en dereito.

3. O dereito de desistencia non pode implica-la imposición de ningunha penalidade, aínda que se lle poderá esixir ó comprador que se faga cargo do custo directo de devolución do produto ó vendedor.

Non obstante o anterior, nos supostos en que o vendedor poida subministrar un produto de calidade e prezo equivalentes, en substitución do solicitado polo consumidor, os custos directos de devolución, se se exerce o dereito de desistencia, serán por conta do vendedor; deberá ter informado diso o consumidor.

Serán nulas de pleno dereito as cláusulas que lle impoñan ó consumidor unha penalización polo exercicio do seu dereito de desistencia ou a renuncia a el.

4. Para efectos do exercicio do dereito de desistencia, o prazo calcularase a partir do día de recepción do ben, sempre que se cumprise o deber de información que impón o artigo 47.

5. No caso de o vendedor non ter cumprido con tal deber de información, o comprador poderá resolve-lo contrato no prazo de tres meses contados desde aquel en que se entregou o ben. Se a información a que se refire o artigo 47 se facilita durante o citado prazo de tres meses, o período de sete días hábiles para a desistencia empezará a correr desde ese momento. Cando o comprador exerza o seu dereito a resolve-lo contrato por incumprimento do deber de información que incumbe ó vendedor, este non poderá esixir que aquel se faga cargo dos gastos de devolución do produto.

6. Cando o comprador exerza o dereito de desistencia ou o de resolución conforme o establecido neste artigo, o vendedor estará obrigado a devolve-las sumas aboadas polo comprador sen retención de gastos. A devolución destas sumas deberá efectuarse o antes posible e, en calquera caso, nun prazo máximo de trinta días desde a desistencia ou a resolución. Correspóndelle ó vendedor a carga da proba sobre o cumprimento do prazo. Transcorrido este sen que o comprador recupere a suma debida, terá dereito a reclamar duplicada, sen prexuízo de que ademais se lle indemnicen os danos e perdas que se lle causasen no que excedan da dita cantidade.

7. No caso de que o prezo fose total ou parcialmente financiado mediante un crédito concedido ó comprador por parte do vendedor ou por parte dun terceiro co previo acordo deste co vendedor, o exercicio do dereito de desistencia ou de resolución recollidos neste artigo implicará asemade a resolución do crédito sen ningunha penalización para o comprador.

8. O transcurso do prazo do dereito de desistencia sen executalo non será obstáculo para o

u

posterior exercicio das accións de nulidade ou resolución do contrato cando procedan conforme a dereito.

Artigo 45. *Excepcións ó dereito de desistencia.*

Salvo pacto en contrario, o disposto no artigo anterior non lles será aplicable ós seguintes contratos:

a) Contratos de subministración de bens cun prezo suxeito a fluctuacións de coeficientes do mercado financeiro que o vendedor non poida controlar.

b) Contratos de subministración de bens confeccionados conforme as especificacións do consumidor ou claramente personalizados, ou que, pola súa natureza, no poidan ser devoltos ou poidan deteriorarse ou caducar con rapidez.

c) Contratos de subministración de gravacións sonoras ou de vídeo, de discos e de programas informáticos que fosen desprecintados polo consumidor, así como de ficheiros informáticos, subministrados por vía electrónica, susceptibles de ser descargados ou reproducidos con carácter inmediato para o seu uso permanente.

d) Contratos de subministración de prensa diaria, publicacións periódicas e revistas.

Artigo 46. *Pagamento mediante tarxeta.*

1. Cando o importe dunha compra fose cargado fraudulenta ou indebidamente utilizando o número dunha tarxeta de pagamento, o seu titular poderá esixi-la inmediata anulación do cargo. En tal caso, as correspondentes anotacións de cargo e reabouamento nas contas do provedor e do titular efectuaranse coa maior brevidade.

2. Sen embargo, se a compra foi efectivamente realizada polo titular da tarxeta e a esixencia de devolución non fose consecuencia de se ter exercido o dereito de desistencia ou de resolución recoñecido no artigo 44 e, por tanto, esixiu indebidamente a anulación do correspondente cargo, aquel quedará obrigado fronte ó vendedor ó resarcimento dos danos e perdas ocasionados como consecuencia da dita anulación.

Artigo 47. *Información.*

1. Ademais da información sinalada no artigo 40, o consumidor deberá ter recibido, á execución do contrato, as seguintes informacións e documentos:

a) Información escrita sobre as condicións e modalidades de exercicio dos dereitos de desistencia e resolución, así como un documento de desistencia ou revogación, identificado claramente como tal, que exprese o nome e enderezo da persoa a quen se debe enviar e os datos de identificación do contrato e dos contratantes a que se refire.

b) O enderezo do establecemento do vendedor onde o comprador poida presenta-las súas reclamacións.

c) Información relativa ós servizos posvenda e ás garantías comerciais existentes.

d) En caso de celebración dun contrato de duración indeterminada ou de duración superior a un ano, as condicións de rescisión do contrato.

2. A información a que se refire o punto anterior deberá facilitarse por escrito ou, salvo oposición expresa do consumidor, en calquera outro soporte duradeiro adecuado á técnica de comunicación

empregada e na lingua utilizada na proposta de contratación.

Artigo 48. *Dereitos do consumidor.*

1. Cando o comprador sexa un consumidor, entendendo por tal o definido nos puntos 2 e 3 do artigo 1 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, os dereitos que este capítulo lle recoñece serán irrenunciabiles e poderán ser exercidos por el aínda que a lexislación aplicable ó contrato sexa outra distinta da española, se o contrato presenta un vínculo estreito co territorio de calquera estado membro da Unión Europea.

2. Os operadores das técnicas de comunicación a distancia, entendendo por tales as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que sexan titulares das técnicas de comunicación a distancia utilizadas polos provedores, están obrigados a procurar, na medida das súas posibilidades, que os comerciantes respecten os dereitos que este capítulo lle recoñece ós consumidores e cumpran as obrigas que nel se lles impoñen.

3. Contra as condutas contrarias ó disposto neste capítulo que lesionen intereses colectivos e intereses difusos dos consumidores e usuarios, poderase exercita-la acción de cesación dirixida a obter unha sentenza que condene o demandado a cesar nas ditas condutas e a prohibi-la súa reiteración futura. Así mesmo, a acción poderase exercer para prohibi-la realización dunha conduta cando esta finalizase ó tempo de exercita-la acción, se existen indicios abondos que fagan teme-la súa reiteración de modo inmediato.

A acción de cesación exerceráse conforme as prescricións que para esta clase de accións se conteñen na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, e na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.»

Artigo cuarto.

Modifícase o artigo 61 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, que queda redactado como segue:

«Artigo 61. *Efectos da venda en poxa.*

1. A adquisición de bens mobles mediante unha venda en poxa pública de acordo co previsto nesta lei determinará a súa irrevindicabilidade na forma establecida no artigo 85 do Código de comercio.

2. A empresa poxadora responderá solidariamente co titular do ben poxado pola falta de conformidade deste co anuncio da poxa, así como polos vicios ou defectos ocultos da cousa vendida, cando incumprise as obrigas de información que lle impón o artigo 58 desta lei.»

Artigo quinto.

Modifícase a alínea ñ) do artigo 65.1 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, que queda redactada como segue:

«Artigo 65. *Infraccións graves.*

1. Terán a consideración de infraccións graves:

(...)

ñ) O incumprimento das obrigas que a regulación das vendas a distancia impón en materia

de información e documentación que se lle debe subministrar ó consumidor; dos prazos de execución e de devolución de cantidades aboadas; o envío con pretensión de cobramento de artigos non solicitados polo consumidor, e o uso de técnicas de comunicación que requiran consentimento previo ou falta de oposición do consumidor, cando non concorra a circunstancia correspondente.»

Artigo sexto.

Modifícase a disposición adicional primeira da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional primeira.

Cando o provedor actúe no marco da súa actividade económica e a outra parte sexa un consumidor, o disposto nos artigos 38 a 48 e 65.1, alínea ñ), desta lei será de aplicación ós contratos negociados a distancia referentes á prestación de servizos, incluídos os arrendamentos de bens inmobles, coas particularidades seguintes:

1. A regulación sinalada non se aplicará ós contratos que se refiran a servizos financeiros tales como servizos de investimento, seguro, reaseguro, bancarios, relativos a fondos de pensións e a operacións a prazo e de opción; ós celebrados cos operadores de telecomunicacións debido á utilización dos teléfonos públicos; ós celebrados para a construción de bens inmobles; ós que regulen relacións familiares e sucesorias, e ós contratos societarios.

2. Os artigos 39.1, 40, 43.1, 44 e 47 non se aplicarán ós contratos de subministración de servizos de aloxamento, de transporte, de comidas ou de lecer, cando o provedor se comprometa ó se celebra-lo contrato a subministrar tales prestacións nunha data determinada ou nun período concreto.

3. O artigo 47 non se aplicará ós servizos en que a execución se realice utilizando unha técnica de comunicación a distancia que se preste dunha soa vez e a facturación dos cales sexa efectuada polo operador da técnica de comunicación. Non obstante, o consumidor, en calquera caso, deberá estar en condicións de coñecer-lo enderezo xeográfico do establecemento do provedor onde poida presenta-las súas reclamacións.

4. O prazo para a desistencia contarase a partir do día de celebración do contrato ou a partir do día en que se completase a información a que se refire o artigo 47, cando iso se fixese con posterioridade á celebración do contrato. Esta forma de se computa-lo prazo deberá constar na información previa que se lle deberá subministrar ó adquirente segundo o disposto no artigo 40.

5. Será a lei do lugar onde se deberá presta-lo servizo a que determine qué días son hábiles para o exercicio do dereito de desistencia.

6. O prazo de tres meses para a resolución do contrato por falta de cumprimento do deber de información cóntase a partir da data de celebración do contrato.

7. Salvo pacto en contrario, o adquirente non disporá dos dereitos de desistencia que recolle o artigo 44 nos contratos de prestación de servizos dos que comezase a execución, co acordo do consumidor, antes de finaliza-lo prazo de sete días hábiles, nin nos contratos de servizos de apostas e loterías.»

Artigo sétimo.

Modifícase a disposición derradeira única da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, que queda redactada como segue:

«Os artigos 1, 8, 10, 11, 12, 16, 17, 38.1, 38.3, 38.4, 38.8, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49.1, 51, 52, 53, 56, 57, 59, 60, 61, 62, 63, e as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e cuarta desta lei constitúen lexislación civil e mercantil, e serán de aplicación xeral por se ampararen na competencia exclusiva do Estado para regula-lo contido do dereito privado dos contratos, resultante das regras 6.^a e 8.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Os artigos 38.5, 38.6 e 38.7 constitúen así mesmo lexislación civil e mercantil e ampáranse nas competencias exclusivas do Estado para regula-lo contido do dereito privado dos contratos e para regula-las telecomunicacións, resultantes das regras 6.^a, 8.^a e 21.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Os artigos 14, 15, 23.3, 24, 25, 28.1, 30.1, 31.2 e 33 desta lei ampáranse na competencia exclusiva do Estado para regula-lo dereito mercantil da competencia, resultante da regra 6.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Os artigos 2, 3, 4, 5, 6.1, 6.2, 7, 13, 37, 38.2, 62.2, 65.1.b), 65.1.c), 65.1.e), 65.1.f), 65.1.ñ) e 65.1.r) desta lei terán a consideración de normativa básica dictada ó abeiro da regra 13.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Os artigos 67, 69.1 e 70 dítanse ó abeiro do disposto nas regras 1.^a e 18.^a do artigo 149.1 da Constitución.

Os restantes preceptos desta lei poderán ser de aplicación en defecto de lexislación específica dictada polas comunidades autónomas.

O artigo 48.3 dítase, ademais, ó abeiro das competencias exclusivas do Estado en materia de lexislación procesual contidas na regra 6.^a do artigo 149.1 da Constitución.»

Disposición derradeira primeira. *Prazo de garantía.*

Mentres non entre en vigor a norma que traspoña ó ordenamento xurídico español a Directiva 1999/44/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de maio de 1999, sobre determinados aspectos da venda e garantías dos bens de consumo, o prazo de garantía a que alude o artigo 11.2 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, non poderá ser inferior a seis meses contados desde a data de recepción do ben de que se trate, salvo cando a súa natureza o impida e sen prexuízo do que, para bens específicos, establezan outras disposicións legais ou regulamentarias.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciales.*

Esta lei dítase ó abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ó Estado o artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución. Non obstante, a nova redacción dos puntos 5, 6 e 7 do artigo 38 da Lei de ordenación do comercio retalista establécese, ademais, ó abeiro do artigo 149.1.21.^a da Constitución; e os artigos 38.2 e 65.1.ñ) daquela modifícanse polos artigos terceiro e quinto, respectivamente, desta lei ó abeiro do artigo 149.1.13.^a do

u texto constitucional, sen prexuízo das competencias que teñen as comunidades autónomas en materias de comercio interior e defensa dos consumidores e usuarios.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 19 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE FOMENTO

24814 *ORDE FOM/3239/2002, do 12 de decembro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os sistemas de medida de líquidos distintos da auga destinados á subministración de carburantes e combustibles líquidos nas súas fases de verificación despois de reparación ou modificación e de verificación periódica.* («BOE» 304, do 20-12-2002.)

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica do Estado, ó que se deben someter, en defensa da seguridade, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios, os instrumentos de medida nas condicións que regulamentariamente se determinen. Esta lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as que se encontra o Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro, polo que se establece o control metrolóxico que realiza a Administración do Estado.

A Orde do ministro de Obras Públicas e Urbanismo do 28 de decembro de 1988, que incorpora ó dereito interno a Directiva 77/313/CEE, do 5 de abril de 1977, modificada posteriormente pola Directiva 82/625/CEE, do 1 de xullo de 1982, relativas á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre os diferentes sistemas de medida de líquidos distintos da auga, regulou as fases de aprobación de modelo e de verificación primitiva.

As restantes fases do control metrolóxico establecidas na Lei 3/1985, é dicir, as de verificación despois de reparación ou modificación, de verificación periódica e de vixilancia e inspección, coñecidas como controis de uso en mercado, non son obxecto de norma harmonizada ningunha por parte da Unión Europea para a súa execución, aínda que, considerando a necesidade de que se realicen os ditos controis sobre o funcionamento dos instrumentos de medida, se lles deixa ós estados membros a adopción das medidas específicas que consideren oportunas para os levar a cabo.

En consecuencia, esta orde ten por obxecto regular o control metrolóxico dos sistemas de medida de líquidos distintos da auga destinados á subministración de carburantes e combustibles líquidos, comprendidos no campo de aplicación da mencionada Orde do 28 de decembro de 1988, nas súas fases de verificación despois de reparación ou modificación e de verificación periódica.

Na tramitación desta orde cumpriuse o procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas establecido na Directiva 83/189/CEE, do

28 de marzo, do Parlamento Europeo e do Consello, e no Real decreto 1168/1995, do 7 de xullo.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Campo de aplicación

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto a regulación do control metrolóxico do Estado, nas súas fases de verificación despois de reparación ou modificación e de verificación periódica, dos sistemas de medida de líquidos distintos da auga destinados á subministración de carburantes e combustibles líquidos, denominados en diante sistemas de medida, comprendidos no campo de aplicación da Orde do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo do 28 de decembro de 1988.

Artigo 2. *Execución.*

As fases de control metrolóxico dos sistemas de medida a que se refire esta orde serán realizados polos servizos ou organismos autorizados das administracións públicas competentes.

CAPÍTULO II

Verificación despois de reparación ou modificación

Artigo 3. *Reparadores autorizados.*

1. A reparación ou modificación dun sistema de medida só poderá ser realizada por unha persoa ou entidade inscrita como reparador no Rexistro de Control Metrolóxico, conforme o establecido polo Real decreto 1618/1985, do 11 de setembro.

2. A inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico esixirá o cumprimento dos requisitos que se establecen no anexo I desta orde.

Artigo 4. *Actuacións dos reparadores.*

A persoa ou entidade que reparase ou modificase un sistema de medida, unha vez comprobado o seu correcto funcionamento, deberá axustalo a cero, permitindo unha tolerancia de $\pm 0,1$ por 100. O reparador colocará novamente os precintos que tivese que levantar para levar a cabo a reparación ou modificación.

Artigo 5. *Libro-rexistro de reparacións.*

1. En tódalas estacións de servizo e puntos de subministración de carburantes e combustibles líquidos existirá un denominado libro-rexistro de reparacións, debidamente foliado, selado e habilitado pola Administración pública competente, para anotar nel tódalas actuacións realizadas polos reparadores na reparación ou modificación do sistema de medida.

2. No libro-rexistro de reparacións, que estará á disposición da Administración pública competente en todo momento, deberanse anota-la natureza da reparación, os elementos substituídos, a data e o número co que o reparador que efectuou a reparación se encontre inscrito no Rexistro de Control Metrolóxico.